



# CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas  
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS  
(A Coruña)  
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30  
Telefax 981 75 42 29  
[www.concello-cabana.es](http://www.concello-cabana.es)  
[cabana@concello-cabana.es](mailto:cabana@concello-cabana.es)

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

### Asunto: Corrección erros bases proceso selección 2 peóns forestais A PROL RURAL

Visto que se aprobaron as bases e convocatoria para a provisión, mediante o sistema de oposición, en réxime de dereito laboral temporal, de **DOUS postos de peóns forestais** do Concello de Cabana de Bergantiños, ao abeiro da Orde do 31 de decembro de 2017, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2018 (DOG. Núm. 26 do 06/02/2018),

Visto que nas bases aprobadas se advirten os seguintes erros:

- Prazo de duración: *6 meses*
- Idade mínima para poder participar no proceso: Ter cumpridos os *dezaioito (16)* anos de idade e non ter acadado a idade máxima de xubilación forzosa
- Non ter sido contratado por un periodo igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano *2016* pola Consellería de Traballo e Benestar no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego.

Así, en virtude do previsto no art. 109 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, **RESOLVO:**

**Primeiro:** corregir as bases aprobadas para a selección do proceso citado de tal xeito que se recolla o seguinte:

- Prazo de duración: *9 meses*
- Idade mínima para poder participar no proceso: Ter cumpridos os *dezaioito (18)* anos de idade e non ter acadado a idade máxima de xubilación forzosa
- Non ter sido contratado por un periodo igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano *2017* pola Consellería de Traballo e Benestar no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego.

**Segundo:** dar traslado deste acordo aos membros do tribunal de selección.

En Cabana de Bergantiños, documento asinado dixitalmente segundo se indica na banda lateral.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cabana de Bergantiños <https://sede.concello-cabana.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)